

Determinantes

1. Localiza os indefinidos que haxa neste texto.

Deivos moitas oportunidades, creo que demasiadas; pero en ningunha ocasión conseguín ningún resultado positivo. E díxenvos todas as veces que podía contestar calquera; pero non houbo ninguén que dixese nada con xeito: uns porque non estaban atentos, outras seica non entenderon a pregunta, algún porque non sabía a resposta, algunhas disque non estaban seguras... Polo tanto, que cadaquén vaia sacando as súas propias conclusión; pero eu preguntovolo por última vez: hai alguén que queira dicir algo?

2. Escribe ó lado a clase de determinante que é cada unha das palabras que están resaltadas. As túas posibles respostas deben ser:

DEMOSTRATIVO / **ARTIGO** / **POSESIVO** / **INDEFINIDO**

CONTRACCIÓN / **NUMERAL**

A lavadora de **teu** pai non ten arranxo.

Fai o traballo sobre **algún** dos temas que vimos.

Non me veñas con **esas** historias que **ninguén** che cre.

Pedro xa está a facer das **súas** por **cuarta** vez.

Meu pai toma o seu café **todas** as mañás **no** bar.

Meu pai xubilouse porque **aquela** empresa na que traballaba pechou.

Xa é a **quinta** vez que che aviso polo **mesmo** asunto.

3. Clasifica os determinantes numerais que aparecen nestas oracións en **CARDINAIS**, **ORDINAIS**, **MULTIPLICATIVOS** ou **PARTITIVOS**.

- Cobráronme o **triplo** do prezo oficial de venda.
- Estou no **undécimo** lugar da lista de admitidos.
- Lucía quedou clasificada no **vixésimo** posto .
- Póñame **dez** xurelos e vinte parrochas para fritir.
- Quedan por vender os **sétimos** pisos deste edificio.
- Estragaches máis de **media** mazá.
- Débesme **un terzo** do que gañaches.
- A min tócame **dobre** ración por ser o máis grande do grupo.

4. Escribe en letras todo aquilo que está en números. Pon moito coidado ó escribir!!

- Hoxe trouxéronnos 19 sillas novas para a nosa clase.
- Na 20ª mesa séntase un neno francés que chegou neste curso.
- Pola entrada paguei xustamente 1.001 pesetas.
- Cando cumprín os 17 anos merquei unha bici de carreiras nova.
- No accidente do autobús producíronse 31 feridos de gravidade.
- O salón mide 22 m. de ancho.
- Onte fixo 80 anos pero está coma un mozo de vinte.
- O barco transporta 85 coches con destino a Marrocos.
- Xa é o 12º accidente que se produce nesta curva.

Pasa os seguintes numerais a números romanos. Non esquezas activar as maiúsculas!!

- O actual Rei de España é neto do rei Alfonso 13.
- O Papa Xoán 23 era italiano.
- Os franceses invadiron España no reinado de Fernando 7º.
- Esta industria naceu a principios do século 19.
- As comunicacións por satélite terán unha grande importancia no século 21.